



Transferencia de Crédito 007-T/20 (44/20)
Expte Cividas nº 2020035722
TR – 07T/2020

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/212/2020), do 28/10/2020, refrendado polo Sr. Concelleiro delegado de Facenda na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Sr. Concelleiro delegado de Transparencia e Sistemas de Información, mediante Providencia asinada o 20/10/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de data 10/11/2020 (ref: 7-T/20), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 007-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N120.9202.62600	Plan de informatización	20.000,00
Total Transf. Positivas:		20.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N260.9320.22709	Traballos de mantemento de actualización catastral	20.000,00
Total Transf. Negativas:		20.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, **á Concellería de Seguridade Cidadá, a Xestión Tributaria e a Sistemas de Información** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

